



|                                                                                                             |                             |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|--|
| Area / Unidade<br>TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO 2021007<br>FRR                                                 | Documento<br>23016I00KL     |  |
| Código de verificación<br> | Expediente<br>108/2021/1147 |  |
| 5V56 5C1O 2K0J 3M1Z 15RE                                                                                    | Data<br>01-04-2022          |  |

**TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 121 PRAZAS DE ADMINISTRATIVA/O, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (SUBGRUPO C1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA (C.E. 2/20).**

O pasado 15 de marzo publicouse na páxina web do Concello da Coruña o resultado da baremación da fase de concurso.

Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para formular reclamacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de 12 reclamacións e 1 fora de prazo.

A continuación se traslada o extracto da Acta na que se recollen as deliberacións do Tribunal fronte as reclamacións presentadas:

Iniciase o análise das solicitudes/reclamacións:

**Primeira.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\* que reclama que se valore a súa titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior.

O tribunal verifica que achegou en tempo e forma (FRAE15086X 18.08.21 13:09) a documentación acreditativa de estar en posesión do título de linguaxe administrativa nivel superior.

Polo tribunal acordase por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir a súa puntuación cos 5 puntos que segundo as bases tiña que recibir por ter a dita titulación.

**Segunda.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se valore a súa titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior, así como varios cursos de formación con aproveitamento.

O tribunal verifica que achegou en tempo e forma (RMPE151M9 17.08.21 17:35) a documentación acreditativa de estar en posesión do título de linguaxe administrativa nivel superior e dos cursos de formación con aproveitamento dos que reclama a súa puntuación.

Polo tribunal acordase por unanimidade aceptar a reclamación do alegante e corrixir a súa puntuación cos 5,00 puntos que segundo as bases tiña que recibir por ter a dita titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior, e corrixir con 6,00 puntos máis a súa puntuación correspondente a formación, por estar en posesión de varios cursos de formación que non se valoraron no seu momento.



**Terceira.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valoren varios cursos de formación con e sen aproveitamento.

O tribunal verifica que:

- Constan no seu expediente de persoal os cursos achegados nunha presentación anterior (RMPE1300LG) dos que un deles de 20 horas de duración se lle valorou sen aproveitamento e tiña que ser valorado con aproveitamento, é dicir, tiña que recibir 0,20 puntos máis.
- Achegou en tempo e forma (RMPE151ARY 25.08.21 22:58) toda a documentación acreditativa relativa a outros cursos de formación con e sen aproveitamento dos que reclama a súa puntuación. Pola valoración destes cursos cun total de 300,5 horas con aproveitamento lle corresponden 9,02 puntos máis nos méritos da formación. E pola valoración dun curso de 20 horas sen aproveitamento lle corresponden 0,40 puntos máis nos méritos da formación.
- En total correspondelle 9,62 puntos máis pola formación (0,20 + 9,02 + 0,40).

O tribunal acorda por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir con 9,62 puntos máis a súa puntuación correspondente a formación, por estar en posesión de varios cursos de formación que non se valoraran no seu momento (9,42 puntos) e por corrixir un dos cursos puntuados como sen aproveitamento e que tiña que ser puntuado con aproveitamento (0,20 puntos).

**Cuarta.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valore un curso de formación con aproveitamento.

O tribunal verifica que o dito curso consta no expediente da funcionaria que figura no Servizo de RR.HH. Pola valoración deste curso cun total de 130 horas con aproveitamento correspondelle 3,90 puntos máis nos méritos da formación.

Polo tribunal acordase por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir a súa puntuación cos 3,90 puntos máis pola realización dun curso de formación que non se valorou no seu momento. Como á reclamante xa se lle valoraran cursos que lle outorgaron 13,20 puntos e as bases establecen unha puntuación máxima pola formación de 15,00 puntos, corríxese a súa puntuación e deixase no tope dos 15,00 puntos sinalados nas bases.

**Quinta.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valore a súa titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior, así como varios cursos de formación con aproveitamento.

O tribunal verifica que achegou en tempo e forma (FRAE15085D 18.08.21 08:26) a documentación acreditativa de estar en posesión do título de linguaxe administrativa galega nivel superior, pero non consta nin na documentación presentada por rexistro informático nin no seu expediente persoal no Servizo de RR.HH. dous cursos cun total de 14 horas.

O tribunal encarga ao secretario que faga unha nova consulta co Servizo de RR.HH., que informa o 30.03.2022 cunha copia dos xustificantes dos cursos alegados. Os dous cursos teñen data de realización posterior a data da finalización do prazo de presentación das solicitudes deste concurso-oposición, polo que non procede a súa baremación.

O tribunal acorda por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir a súa puntuación cos 5,00 puntos que segundo as bases tiña que recibir por ter a titulación de linguaxe administrativa



galega nivel superior. O Tribunal puntuara a alegante cos 2,50 puntos que segundo as bases corresponde a titulación de linguaxe administrativa galega nivel intermedio.

O Tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación da alegante en canto a valoración de dous cursos cun total de 14 horas por se realizar despois da data de finalización de presentación das solicitudes do concurso-oposición.

**Sexta.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valore a súa titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior.

O tribunal verifica que o certificado da dita titulación consta no expediente da funcionaria que figura no Servizo de RR.HH.

Polo tribunal acordase por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir a súa puntuación cos 5,00 puntos que segundo as bases tiña que recibir por ter a titulación de linguaxe administrativa galega nivel superior. O tribunal puntuara á alegante cos 2,50 puntos que segundo as bases corresponde a titulación de linguaxe administrativa galega nivel intermedio.

**Sétima.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valore na súa antigüidade o período de interinidade previo a súa toma de posesión como funcionaria.

O tribunal encarga ao secretario que faga unha consulta co Servizo de RR.HH., que informa o 30.03.2022 cunha táboa cos cálculos da súa antigüidade na que se verifica que o período de interinidade xa fora tido en conta no cálculo da puntuación que lle corresponde. En total 16 anos e 5 meses completos (ata o 26.08.2021), é dicir, 197 meses que a 0,05 puntos totalizan 9,85 puntos.

O tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación da alegante en canto a valoración da súa antigüidade por ser correcta a xa contemplada no cadro de puntuacións provisionais.

**Oitava.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, na que solicita aclaración a diferenza entre o número de persoas chamadas a fecer o exercicio de galego e as que finalmente o superaron. Entende que *"...otra persona no presentada o no aprobada... (por lo que no accedería a la fase de concurso) y ahora se le valoran cursos de gallego que no debían de estar presentados al comienzo del proceso selectivo, y de estar presentados tendría que haberse recurrido la convocatoria del examen de gallego y corregir dicho error..."*.

O tribunal comprende o malentendido que poido xerar o feito de non ter aclarado na publicación do 11.01.2022 dos resultados do exercicio de galego, que unha das persoas chamadas non tiña a obriga de facelo por ter acreditado o nivel de coñecemento esixido para estar exento de facer este exame.

Tal e como consta no expediente electrónico, o día 07.01.2022 o Servizo de RR.HH. incorporou o documento co código 10816E004Q que contén o rexistro electrónico URBE1302G4 do 29.04.2019 as 12:58. Este documento recolle o xustificante da titulación de galego requirida pola persoa que por erro fora chamada a facer a proba de galego, xustificante presentado con anterioridade a data de finalización do prazo de presentación de instancias para este concurso-oposición.

Esta situación quedou recollida na acta da reunión do tribunal do 7.01.2022 cuxo tenor literal é: *"...Reclamación presentada por \*\*\*\*\* en relación ao seu chamamento para facer o exercicio de*



*galego. Sinala que no seu momento presentou tanto o certificado de ter o CELGA 4 como o curso de linguaxe administrativa nivel intermedio.*

*O Secretario sinala que falou co Servizo de Persoal a quen pediu a confirmación da alegación presentada por \*\*\*\*\*, así como a incorporación ao expediente electrónico desta Convocatoria 2021007 dos documentos acreditativos do coñecemento de galego alegados.*

*O Servizo de Persoal incorporou como documento co código 10816E004Q os dous xustificantes da dita documentación...”*

Polo tanto non se deu ningún dos casos que o alegante contemplou na súa solicitude, xa que non houbo ningún suspenso, e todas as persoas correctamente chamadas a facer o exercicio de galego o superaron.

Entende o tribunal que máis que estimar ou desestimar esta alegación, o procedente é facer esa aclaración nesta acta, que será comunicada ao alegante.

**Novena.-** solicitude presenta por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valoren varios cursos de formación con e sen aproveitamento.

O tribunal verifica que chegou en tempo e forma (RMPE151AS1 26.08.21 00:33) toda a documentación acreditativa relativa aos cursos de formación con e sen aproveitamento dos que reclama a súa puntuación.

Os cursos sen aproveitamento dos que aporta xustificante suman 220 horas. Pero no expediente que obra no Servizo de RR.HH. tiña outro curso de 30 horas máis. En total xa se lle valoraran 250 horas por cursos sen aproveitamento polos que se lle outorgaron 5,00 puntos.

Pola contra non se lle valoraran tres cursos con certificado de aproveitamento por un total de 140 horas, polo que lle corresponden 4,20 puntos máis nos méritos da formación.

O tribunal acorda por unanimidade aceptar a reclamación do alegante e corrixir a súa puntuación cos 4,20 puntos máis pola realización de tres cursos de formación con aproveitamento que non se valoraran no seu momento. Como ao reclamante xa se lle valoraran cursos que lle outorgaron 11,30 puntos e as bases establecen unha puntuación máxima pola formación de 15,00 puntos, corríxese a súa puntuación e deixase no tope dos 15,00 puntos sinalados nas bases.

**Décima.-** solicitude presenta por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valoren varios cursos de formación con aproveitamento.

Non consta na solicitude de participación no proceso nin no expediente que obra no Servizo de RR.HH, xustificante algún sobre os cursos cuxa valoración reclama.

O tribunal encarga ao Secretario que faga unha nova consulta co Servizo de RR.HH., que informa o 30.03.2022 no mesmo sentido e confirma que non consta no expediente persoal do alegante ningún dos cursos dos que agora presenta a certificación.

O tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación, xa que de acordo coas bases “...os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes...” e como queira



que o xustificante destes cursos non se presentou antes do remate do prazo de presentación das solicitudes, agora non se poden admitir.

**Undécima.-** solicitude presenta por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valoren varios cursos de formación.

O Tribunal verifica que chegou en tempo e forma (RMPE151AJ6 24.08.21 17:21) toda a documentación acreditativa relativa aos cursos de formación dos que reclama a súa puntuación.

Destes cursos, dous deles cun total de 500 horas, non se valoraron de acordo co disposto nas bases, xa que foron impartidos por unha entidade privada, e non están homologados por un organismo público. Que o centro de formación teña homologación para o ensino non quere dicir que os cursos que imparte sexan expedidos o contén por defecto coa homologación da administración. Tampouco pode entenderse que os cursos subvencionados por unha administración pública podan se considerar como expedidos ou homologados pola dita administración cando é unha empresa privada a que os imparte.

O outro curso con certificado de aproveitamento non foi valorado, ten un total de 214 horas, polo que lle corresponden 6,42 puntos máis nos méritos da formación.

O tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación da alegante en canto a valoración de dous cursos por ter sido impartidos por empresa privada.

O tribunal acorda por unanimidade aceptar a reclamación da alegante e corrixir a súa puntuación cos 6,42 puntos máis pola realización dun curso de formación con aproveitamento que non se valorara no seu momento.

**Duodécima.-** solicitude presentada por \*\*\*\*\*, que reclama que se lle valoren varios cursos de formación.

O tribunal confirma que dos seis cursos dos que achega xustificante coa súa alegación, cinco xa foran valorados por constar os xustificantes no expediente que obra no Servizo de RR.HH.

Do outro curso de 15 horas de duración, no consta na solicitude de participación no proceso nin no expediente que obra no Servizo de RR.HH xustificante ningún.

O tribunal encarga ao secretario que faga unha nova consulta co Servizo de RR.HH. que informa o 30.03.2022 no mesmo sentido, e confirma que non consta no expediente persoal do alegante o curso do que agora presenta a certificación.

O tribunal acorda por unanimidade desestimar a reclamación, xa que de acordo coas bases “...os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes...” e como queira que o xustificante deste curso non se presentou antes do remate do prazo de presentación das solicitudes, agora non se poden admitir.

Por último e aínda que foi presentada fóra do prazo, o tribunal considera oportuno analizar a alegación presentada por \*\*\*\*\*, por se referir ao seu grao persoal.



Na acta do tribunal que recolle a xuntanza celebrada o 9.02.2022 figura o seguinte tenor literal “...*tras a primeira análise, détéctanse varios erros na base, **na ponderación do grao consolidado...***”, e máis adiante “...*O Tribunal finaliza a sesión coa encomenda ao secretario da verificación co Servizo de RRHH da correcta anotación tanto do grao persoal como da antigüidade...*”.

Neste caso, procede desestimar a solicitude da interesada, non so por ter sido presentada fóra de prazo, senón porque a reclamante, con nivel consolidado 14, tomou posesión da súa praza actual de nivel 18 o 03.10.2019, con efectos do 01.10.2019, e na data de finalización de presentación das solicitudes deste proceso non tiña transcorrido aínda o período de dous anos mínimo para considerarse consolidado o nivel 16 de grao, cuestión, por outra banda, que non compete recoñecer ao órgano de selección, polo que o tribunal acorda confirmar a valoración realizada de acordo co grao consolidado de nivel 14.

A Coruña na data da sinatura electrónica do presente documento.

O secretario do tribunal.